


## DÍA DA ILUSTRACIÓN - 30 de xaneiro de 2026



Desde 2014, cada 30 de xaneiro, coincidindo coa data do nacemento de Castelao, a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia celebra o **Día da Ilustración**.

A efeméride lembra e reivindica o traballo dos profesionais da ilustración e incide na súa importancia na industria cultural. Cada ano rende homenaxe a un ilustrador ou ilustradora galega. A de 2026 vai dedicada a Siro López Lorenzo (Ferrol 1943), coñecido como **Siro**, autor prolífico, posuidor desde neno dun talento extraordinario para o debuxo, en particular para captar os trazos esenciais dos rasgos de cada persoa, e en cuxa obra o humor é unha constante.

Siro é recoñecido principalmente pola súa relevancia como humorista gráfico e caricaturista político, con traballos en publicaciónes como a revista *Chan*, *Ferrol Diario*, *El Ideal Gallego*, *La Región* ou *La Voz de Galicia*, xornal no que mantivo unha relevante colaboración entre 1985 e 2006, que o avalan como “cronista visual da Galicia contemporánea durante décadas”. Pero a súa ampla e polifacética traxectoria abarca non soamente o ámbito do debuxo, senón tamén da pintura, o deseño, o xornalismo, a creación literaria e mesmo a crítica de arte. Moi significativa é a súa achega como guionista, realizador e presentador de programas radiofónicos, cun amplo percorrido a partir de 1970. Lembremos o programa cultural *O espello*, na cadea COPE en Ferrol, *O humor en Galicia*, para Radio Nacional de España na Coruña, o curso radiofónico *Galego coloquial* para Antena 3 Galicia, en colaboración co Instituto da Lingua Galega, e varios programas culturais e humorísticos en Radio Voz Galicia, entre os que destaca o espazo humorístico *Corre Carmela que chove*. *Siro tamén* e o autor do curso de galego *¿Imos aló?*, emitido na TVG entre 1989 e 1990.

A finais do ano 2017 os museos da Rede Museística Provincial acolleron a mostra *SIRO. Restrospectiva, 1970–2017* e no mes de marzo do ano seguinte o propio artista entregou en doazón á Deputación de Lugo, para formar parte dos fondos dos museos da Rede, os retratos de tres significados lucenses, o escultor Paco Pestana (A Frairía, Castroverde, Lugo 1949-Lugo 2021), Celestino Fernández de la Vega (Friol, Lugo 1914-Lugo 1986), escritor, filósofo e ensaísta autor da obra *O segredo do humor*, un profundo estudo sobre o humor, e Ramón Piñeiro (Armea, Láncara, Lugo 1915-Santiago de Compostela, A Coruña 1990), intelectual e político referente do galeguismo. As tres obras están realizadas coa técnica da témpera sobre papel. Un destes retratos, o de Paco Pestana, consérvase no Museo Provincial.



**Retrato de Paco Pestana.** Témpera sobre papel. 41 x 29 cm